

OS OFICIOS EN ESCUDEIROS

3A- OS AGUARDENTEIROS.

Os destiladores de bagazo son moi antigos en Galiza. O alambique é un instrumento árabe(AL-INBIP). No pobo esta ancestral tradición reafirmábase todos os invernos en chegando ou pasando o Nadal. O aguardenteiro chegaba cos seus aveños: A pota, a trompa, o serpentín ou refrixerador e un bidón ou refrixeratorio.

O poteiro movía a pota dende o pendello do Fortes ata o do Fermín; no primeiro facían a aguardente os da Calle,Pazos,Portal da Veiga e Roucón e no segundo os da Chaira. As familias traían o bagazo, a leña(xeralmente achas ou rachóns de carballo), a comida e ,se facían aguarente de herbas, a saquetiña para colocar encima do bagazo.

A pota, o igual ca trompa, era de cobre e conxuntábase con merda de vaca para non perder o vapor. Había una cánula pola que saía a aguardente. Cada potada rendía, aproximadamente, unha ola, 16 litros. Si se forzaba o lume minguaba a calidade da aguardente, que se convertía en zanganilla. A agurdente máis forte era a do principio, a do final era zángana.A agurdente conservábase en garrafóns revestidos de vergas de vimio. O “Cepas” de Redemuíños era un artista forrando os garrafóns

Ao rescoldo do lume da pota xuntábanse varios veciños e non faltaba conversa e chisca. En Escudeiros facía a agurdente o Seara,bo aguardenteiro, non tan bo nos escondites porque a Concha do Fortes atopoulle un toco con algunhas botellas; a muller non se deixou sisar.

No 1.995 había censados na provincia de Ourense 1.211 alambiques. A zona de Ramirás contaba con 24 e o pobo de Escudeiros con 2: O do Fermín que substituiu ao Seara e o do Xosé Anxelo que facía a agurdente para si. Logo viñeron os atrancos da Facenda Pública e de Sanidade e a aposta dos Governos polas destilerías fixas...Foi a norte dos alquimistas rurais.Hoxe lévase o bagazo á Veiga.

A aguardente utilizábase como menciña:Desinfectante para os cortes, dores de moas,, dores de barriga, limpeza e desinfección nos pinchazos das inxeccións; tomábase a copiña nas mañáns frías, nos convites, tras o café e bebíase no licor-café e nas queimadas.

Os nosos pequenos colleiteiros sacaban peito das súas brevaxes porque sempre se dixo que a agurdente da montaña era millor cá do Ribeiro.

- *Aguardente e viño poñen ao vello mociño*
- *Unha gotiña de agurdente deixa o estómago quente e fai ao home forte e valente*

3-B

OS ALBANEIS

A pedra antecedeu ao ladrillo. O oficio de albanel foi serodio en Escudeiros.

Denantes das construcións de vivendas, palleiros e casetas con ladrillos e planchadas; os albaneis facían os tabiques das divisións das casas, primeiro de palla e barro e máis tarde de rasillas. Con frecuencia, tamén, pintaban ,retellaban e facían remendadas das obras que se ían deteriorando ou de aquelas que querían trnasformarse.

Xeralmente traían aprendices de oficio nos que recaía o traballo de facer a masa e dar a primeira volta de cal.

Conforme avanzaba o século XX, o ladrillo foille gañando espazos á pedra.

As ferramentas dos albaneis eran os caldeiros para a masa, carretillos, sachos ou rodos,trollos (Llanos en castelán) que podían ser de madeira ou de ferro, paletas, nivel, chumbada, formigoneiras (máis tardías)...

Desempeñaron este oficio no pobo o Manuel da Luisa-que antes fora garda-, o Anselmo, o Hermindo, o Marcelo-que logo foi construtor...

**Albanel non mires desde os altos que non quero amores con sobresaltos.*

**O colmo dun albanel é ter unha muller paleta.*

3B ARRIEIROS, XAMONEIROS E FERRANCHEIROS

.Os arrieiros eran as persoas que tiñan por oficio transportar mercadorías con bestas de carga.Mercaban nun lugar e vendían noutro, eran ambulantes.

Etimoloxicamente o termo arrieiro procede do verbo “arrear” que significaba estimular as bestas para que se botaran a andar ou para que avivaran o paso. Os precedentes do oficio atopámoslos na Romanización. A finais da Idade Media documéntanse privilexios e leises xerais para este oficio. Lonxe queda o “carramoto” e as mulas en “reata”. Os espazos comunicados podían ser a costa co interior, a ribeira coa montaña ou o val coa montaña.

En Escudeiros o oficio de arrieiro complementábase co traballo agrícola. Dedicáronse a el o Sr. Severino, o Delfín da Celina, o Ramón da Obdulia, o Antonio. Todos eran arrieiros dunha soa besta; macho ou mula. Os produtos que transportaban eran viño en pelexos de pel de cabra, millo, centeo, fabas..

**Arrieiros somos e no camino nos encontraremos*

**Non te cases co arrieiro
que leva a vida penada
nin oe misa no domingo
nin durme só na cama.*

**Teño un amor na montaña,
teño un amor montañés
e na ribeira teño tres*

**Home reñedor,
cabalo corredor
e pelexo de bon viño
nunca fan bo camino.*

**O cantar do arrieiro
é un cantar moi baixiño
cando canta en Ribadavia
resoa no Carballiño*

**Arrieiro dunha besta,
cesteiro dunha cesta
e pescador de cana,
máis perde que gana*

.Os xamoneiros comerciaban carne de porco, principalmene xamóns e lacóns. Os vecinos, unhas veces por necesidade para mercar os novos marranchiños e outras para tirar polo diario, vendían as pernas dos cochos. Os xamoneiros mercábanllas e logo revendíallas aos almacenistas maioristas das vilas e das capitais galegas. No 1.964 había 200 almacéns de xamóns autorizados en Ourense, que enviaban para España e Hispaoamérica.

Pola primavera, cando se erguían os xamóns do saladoiro, chegaban os pernileiros. Vestían ben e levaban una especie de gardapós que os protexía da graxa dos xamóns. Presentábanse a cabalo das súas bestas e traían consigo: Unha romana, un espiche de uz ou metálico e unha navalla ben afiada. A Escudeiros viñan os de

Dacón, os da Merca, o Fino da Carballeda e, últimamente, o de Santa Rosa. Algún non era moito de fiar; se podía puña o empeine debaixo do xamón para que pesara menos. Coa navalla redondeaban o xamón que mercaban, facíanos denantes de pesalo e co espiche picábano para ver se estaba curado ou picado da mosca bareixa. Había un xamoneiro que, previamente a metelo espiche no xamón, colocábo nos xenitais, nun lugar de mal arrecendo, e despois dáballo a cheirar ao vendedor ,para mercalo máis barato.

**Non hai millor inxección co chourizo e o xamón*

**Ao lacón e ao touciño tragos de viño*

**Non hai colocación sen levar un bo xamón*

**O que non mata un porquiño non ten nin lacón nin touciño*

.Os ferrancheiros.- Cando se estragaba un candil, unha máquina de sulfatar ou aveños similares levábanse a arrenxar a San Lourenzo. O compoñedor era o Coxo e a súa muller. Traballaban na súa casa.

No pobo os ferranchos recollíaos o Gandola que , cada determinado tempo, pasaba cunha besta alforxada. Había algún que outro cliente maduro que se desfecía de machados, legóns ou sachas inservibles, pero o groso da clientela eran os rapaces que en botes grandes xuntaban puntas vellas, chatolas, ferras, restos de cerraduras...Algúnhas pesetas chegaron aos petos dos picariños por estas vendas.

**Por un cravo pérdese a ferradura*

**Por un cravo pérdese un cabalo;*

por un cabalo, un cabaleiro;

e por un cabaleiro, un reino

3-d BARBEIROS E PERRUQUEIRAS

As primeiras navallas de afeitar fixéronse en pedra afiada no antigo Exipto. Hai restos arqueolóxicos das primeiras navallas metálicas da Idade do Bronce. No século III d.X. os barbeiros do Mundo Clásico estaban ben considerados polos patricios porque resolvían problemas relacionados coa saúde do corpo e do espírito. Na Idade Media, ata o século XV, traballaban todo tipo de ciruxías e curas. Tras as disputas cos médicos o seu labor reduciuse ás prácticas de sanguías, extraccións dentarias e cuidado dos cabelos. O século XVIII trouxo a navalla de afeitado moderna, que se fabricou en Inglaterra e as perrucas, como símbolos de elexancia. O século XX é o do

“Polo do Barbeiro”, ese piar xiratorio de tres cores: Branco, vermello e azul, que anuncia as barbeirías.

En Escudeiros, ata onde profundiza a nosa lembranza ou resoan as contadorías, o corte máis antigo era o “corte á taza”. A estética, o evitamento das lendias e dos piollos e o estorbo das longas guedellas e barbas, foron, posiblemente, o camiño do nacemento do artesán da tesoiras e da máquina mecánica. Foron barbeiros no pobo o Delmiro Maruxo, que acadou sona de facelo ben, pero era algo empalagoso: -“Mi madre traíame a palangana”, “Mi madre traíame a toalla”... E así ata que a proxenitora se enfadaba e lle espetaba: -“ Pobre da muller que te leve!”. O señor Faustino, o home da señora Susana,, tamén o cortaba ben. O señor Eladio Gil, perante a corta, botaba alguna risada para riba: “ac,ac”. Da familia da señora Adriana saíron varios barbeiros: O Gustavo, o Alexos e o Xavier. Foi este último o que acadou máis sona: Cortaba o pelo na casa e no bar de Cerdal aos sábados. Alcumábano o “tembleque”, pero non había cabeza de rapaz que se lle movese; calcaba a palma da man no cocote e ao traballo. Tiña na competencia ao Paulino da María e o Xosé Copelo. O Paulino, home pouco comunicativo na faena, tiña a perruquería no sobrado da tenda; Tiña sillón e trouxera unha máquina eléctrica de Venezuela , que lle aforraba tempo nos cortes. O Xosé Copelo cortábo na casa, espazo vixiado e mimado pola Pomposa que non podía impedir algunha escaleira que baixaba a fama do seu consorte. Algún experimento, non profesional, se fixo coma o do Paco que recristianizou ao Nabor cunha cruz na cabeza.

Os útiles dos barbeiros eran : Peites. toallas, capas, tesoiras, máquinas de cortar, navallas, cepillos de limpeza, afiadores de navallas, sillóns de barbeiros, sillóns cagadeiros, xabóns, champús, secadores...

Como perruqueira é de salientar o labor da Irene. A perruquería ocupaba o espazo dunha habitación que daba á galería. A clientela era do pobo, pero tamén viña de fora. Nas vísperas das festas ou de acontecementos sociais importantes as concentracións eran maiores. O bo facer da perruqueira fixo que moitos mozos e homes requirirán os seus servizos. Ela aproveitaba a súa estancia na tenda para cortarlles o pelo no sobrado, onde o facía seu pai. Algún tempo atrás, tamén traballara de perruqueira a Amparito que logo marchou para Venezuela

**Nin barbeiro vello nin médico novo*

**Barbeiro louco non o quere miña nai, nin eu tampouco*

**Barbeiro novo para a barba do meu sogro.*

**Pelo ben ou mal cortado aos sete días igualado*

**De barbeiro a barbeiro non corre diñeiro*

**As mans da perruqueira póñeme a súa beira*

**Faime a permanente e enrízamo ben que esta noite vén o tren*

3 E

OS CANTEIROS

Os canteiros eran os expertos no traballo coa pedra, material que nos permite comunicarnos coas máis antigas civilizacións. De aí que este oficio sexa dos máis antigos.

Os picapedreiros extráenlle e prepáranlle a pedra aos canteiros para logo colocala. Nos pobos era frecuente a mestura de roles nas mesmas persoas. A canteira máis traballada do pobo de Escudeiros foi a do Silvares, pero moitos valados e paredes teñen pedras extraídas da Bariña e dos terrapléns das minas da Seixosa.

As ferramentas de traballo deste oficio eran: A maceta, o ferro, o paoferro, a mandarria, a acodadeira, o punteiro,, o pistolo, a variña, o guillo, o pico, o atacador, o reboło...

Galiza sempre foi una terra de bos canteiros e destacaban os da Terra de Montes, Cotobade, Poio, Monforte, Ponteceso, Noia e Santiago. En Ourense os de Ribadavia e Maside. En Escudeiros, na primeira metade do XX , traballaba de canteiro, Manuel Martínez Malleira, que viñera de Portugal e casara coa Señora Xosefina. Na segunda metade do século atopamos no oficio ao seu fillo, Ignacio Martínez, e a Manuel Alvarez, erguían muros de casas, palleiros e fincas. O Manuel da Sra. Adriana , que casou en Grixó acadou zona polo traballo das pedras para as sepulturas e por arrenxos de traballos delicados coma o cruceiro de Trado. Nas minas traballaron entibando con muros de pedra o Ricardo de Piñón e o Pepe Dacal de Transportela que fixeran a casa dos Laos de San Lourenzo en Poulo. A maioría do pobo , cando necesitaban canteiros, chamaba aos vecinos aos que non lle escamoteaban a pinga de aguardente pola mañá e o xarro do viño ao longo do día.

O señor Francisco,o portugués do Viso de Transportela, era un bo picapedreiro que facía postes e lumieiras. Algún encargo recibiu de Escudeiros, pero na segunda metade do XX os postes xa se mercaban en Deva.

Os aprendices do oficio traballaban primeiro como pinches: Daban servicio de auga á obra, levaban os picos ao Ferreiro, axudaban a mover as pedras, servían cal ou barro ; máis tarde aprendían a desempeñar (preparar a cara labrada da pedra) a escuadrar e a desbistar.

Xerga propia.-Este oficio tiña un tipo de lingua propia: “O verbo das arxinas” ,tamén, chamado” o latín dos canteiros”. En vasco hargín é o nome dos canteiros. En Escudeiros empregábanse algunhas palabras desta xerga:

-badueiro = charlatán

-jaravellos =dedos

-morapio = viño

-lampana = mentira.

Outras palabras do latín dos canteiros eran:

-vixos =ollos

-xambras = pernas

-patilantes = pés

-curubelas = patacas

-manata = señora da casa

-manato = señor da casa

-_cañeiro= vello

-carilla = irmán

-chireta = bicicleta

-maqueo = tabaco

-churumbela = gaita

-Chumarse = emborracharse

**Pica canteiriño pica,*

pica na pedra miúda,

pica na muller allea

que outro picará na túa.

**En verbas de canteiros*

nenas non vos fiedes,

collen os picos e marchan

nenas, que lles queredes.

**Eu son un pobre canteiro*

que sempre estou a picar,

a quen nace para ser pobre

pouco lle val traballar.

**Non sei o que ten o canteiro,*

o canteiro xa non canta,

anda arredor da pedra

e a pedra non se levanta.

3F CAPADORES E MATARIFES

O capador era a persoa que tiña por oficio a castración dos animais, extirpándolles ou inutilizándolles os órganos reprodutores. Capaban, sobre todo, porcos/as, pero ,tamén, podían capar bois e cabalos, máis raras eran as castracións de cans e gatos. A carne da res capada tiña un plus de sabor.

En Escudeiros non houbo ningún capador. Viñan de fora e identificábanse cunha melodía de oficio interpretada con chifre.. Traían a capadora (navalla de capar), agulla e fío para coselas feridas, tenaces, aros e arames.

O Pepe “Capador” do Carraguedo e o Pegerto de Sanguñedo cortaron moitos collóns de porcos no pobo de Escudeiros. Logo de capalos púñanlle arames nos fuciños para que non tocaran a ferida ou para que non fozasen.

OS MATARIFES, tamén, chamados matóns ou matanchíns mataban os porcos.No pobo de Escudeiros fixeron este traballo: O sr. Adolfo, o Delmiro, o Román do Forno, o Floro, o sr. Manuel Copelo, o José Copelo, o Fermín, o Venino, o Julián...Eran os prácticos da matanza e o seu principal utensilio de traballo era un ou dous cóitelos longos ben afiados. Ultimamente apareceron as correntes eléctricas, o gancho do bico e as pistolas. Previamente ao inicio da faena convidábanse ao matanchín e agarrantes a unha parva: Caña, licor café, galletas, rosquillas, figos pasos...

O proceso da matanza incluía o sangrado, que se facía nun carro ou banco, o chamuscado que era a queima das serdas con fento e palla centea, o lavado que se axudaba cunha tella ou cepillos que rascasen ben. Rematados estes labores, co animal colgado boca abaixo na adega ou palleiro, tiña lugar a evisceración . Pasado un ou dous días, coa carne fría, despedazábase e salgábase

A matanza reunía ao vecindario. Normalmente convidaban a un ágape ao matón e agarrantes no que non faltaba a figadeira e os riles encebolados. Cando se despedazaba o porco algunhas frebas, costelas, solombos...Saían para os agradecementos veciñais facendo boa a máxima de dar, recibir e devolver.

O Fermín fixo profesión das matanzas. Despachaba para Vigo.

- *O que máis chifre , capador*
- *Mentras capo non asubío*
- *O oficio de capar caeume ben na man*

capo os porcos pola noite

e morren pola mañán.

**Comerciante e porco, despois de morto*

**Día de Santo Tomé o porco polo pé*

**Un porco é una botica*

**Porco que está sen cebar non se debe matar*

** A cada porco lle chega o seu San Martiño.*

**No mes dos mortos mata os teus porcos.*

**De touro a boi só vai un castrado*

3G CARPINTEIROS, ANGACEIROS E SERRANCHÍS

OS SERRANCHÍS.- Eran os home de oficio especializados en serrala madeira e deixala disposta para a súa posterior utilización. A maioría dos serranchís que

traballaron en Escudeiros" eran portugueses : O señor Xoaquín de Quinta, o señor Arturo, o Jacinto do Viso, o señor Emilio da Levada...

Utilizaban a "serra de aire" e a "serra portuguesa"; a primeira era semellante a un tronizador e a segunda era un anaco de cinta de aceiro con dentes metida no medio dun bastidor de madeira. A progresiva introdución de serradoiros: Cerdal, Poulo, Vila Vidal... con serras movidas por electricidade fixo daparecer a estes traballadores, moitos deles ambulantes.

OS CARPINTEIROS transformaban en obra a madeira serrada. Segundo as aplicación da madeira podíanse distinguir varias especialidades: Carpinteiros de taller, ebanistas, carpinteros de obra, fragueiros (construtores de carros), cubeiros, zoqueiros...

As ferramentas dos carpinteiros eran variadas: Bancos, serróns (de punta, de cota, de volta, serruchos), cepillos, garlopas, machembras, machados/as, aixós, trenchas, gubias, chairas, limas, martelos, tenaces, alicates, compás, trados, escuadras, sarxentos, birbiquís...

O oficio aprendíano cun mestre carpinteiro. Os carpinteiros de Escudeiros eran multiespecialistas, mesmo facían mobles, como botaban teitos e pisos, construían carros ou arrenxaban cubas: aínda que as cubas novas e pipotes, con frecuencia, encargábenselle o Sr. Carmelo da Arnoia Seca.

Foron carpinteiros na parroquia Antonio Fernández, que desempeñou o oficio a finais do XIX e xa no XX o señor Copelo que era o abó do Xosé Copelo, o señor Carmelo- que mesmo chegou a construír un dominó de madeira-, o señor César, o Perfeuto, o Tomás ,o Euxenio que deixou algún moble. Às veces saltaban algunhas chispas nos cruces entre eles, Estando o Sr. Manuel Copelo arrenxando o carro acertou a pasar por alí o Sr. Avelino "O tío caralletas" e espetoulle:-Un fillo dun carpinteiro e non sabe botarlle un pente a un carro- A resposta do señor Manuel foi: -E ti, fillo dun cura, e non sabes decir misa!-

ANGACEIROS.- Desempeñou este oficio en Escudeiros o señor Elixio, que tamén era quen de facer grades.

**Na casa do ferreiro coitelo de pau e na do carpinteiro as portas polo chan*

**A boa madeira quere bo oficial*

**Machada de carpinteiro,*

calzón de ferreiro

e filla de taberneiro

non as queiras por ningún diñeiro.

**Non digas que vai dereito*

clavo que torto entrou

non digas que é carpinteiro

quen nunca táboa labrou

3 H

CAZADORES E PESCADORES

A caza foi una actividade básica nos tempos protohistóricos que seguiu no histórico. Nas excavacións dos castros, a carón dos restos óseos de bois, cabras e cabalos; atopamos cervos, porcos bravos, lobos... Nun principio as armas de caza eran as lanzas, os cóitelos, os arcos e as flechas, as bisarmas. Logo inventaron as armas de fogo; paralelamente montaban trampas para cazar: Os garmelos (garduñeiras, trallos), os ichós, as lousas, as redes, os lazos o visgo ou ligas...

En Escudeiros cazábanse: lobos, corzos, xabaríns, coellos, lebres, perdices, codornices, torcazas, teixugos e algunha raposa.

Sabemos que no século XIV o arcebispo, Don Berenguel de Landoira, diu un mandato para que unha vez por semana saisen as parroquias co seu abade ao fronte, dende o primeiro sábado de Coaresma ata o 24 de xuño, para dar norte aos lobos e armar foxos. En Escudeiros queda o "Foxo do Muro". En esencia os foxos eran os buratos onde entraba o lobo e non podía saír; cando parten del sebes, nun principio son paralelas e logo ábrese en ángulo; se a sebe atravesa un camino ábrese por medio dunha portaleira ou cancela que é preciso gardar ou pechar cando se vai correndo ao lobo. Na microtoponimia do pobo queda o topónimo "As Cancelas", encima do Foxo do Muro, por onde pasa o camino do Valdaspe-Rodeiro-Cartemil.

A caza, máis como afición e diversión que como complemento económico, atraeu a varios escudeirás: O señor Guillermo, o señor Felisindo, o Pepe Grande, o Anselmo, o Horacio, o Venino...

A pesca no pobo practicouse e practícase no río Arnoia con cana. Pescábanse troitas, peixes, bogas e anguías. Foron pescadores destacados: o Alexos, o Anselmo, o Fermín, o Luis, o Xosé Anxelo, o Xosé Paulino, o Neso...

Na segunda metade do século pasado practicábase a pesca de anguías mediante cordas rematadas en anzós das que penduraban miñocas grandes. Púñanse ao anoitecer e recollíanse ao mencer para que non desgarrasen. Nos meses de astío facíanse algunhas estiñadas no río, consistían en deixar seco una parte do seu leito conducindo a auga por outro lado. Algúns ían co trallo, una especie de rede, a que conducían os peixes tras asustalos batendo con paus por debaixo das pedras grandes. Máis rar era a pesca con veneno, aínda que algún caso de trovisco e arsénico existiu.

**Polo San Antón busca a perdíz ao perdigón.*

**Para a caza do coello, cazador coxo e can vello*

**Guerra ,caza e amores, por un placer mil dores.*

**Onde menos se pensa salta a lebre*

**Can ladrador mal cazador*

**Ao millor galgo escápaselle unha lebre*

**A cazador novo, can vello*

**Uns erguen a caza e outros mátana e pápana*

**Cara é a praza, pero máis cara é a caza*

**Pola boca morre o peixe*

**A río revolto ganacia de pescador*

**O que queira peixes que molle o cú*

**Mentir e comer pescado requiren moito coidado*

**Uns tenden as redes e outros levan o peixe*

** Do outro lado do río*

andan os escopeteiros,

pensan que lle tiran ás lebres,

e tíranlle aos amieiros

Os carreiros eran as persoas que guiaban carros de bois que transportaban polos camiños e corredoiras mercadorías, madeiras e produtos do campo. Sen carro, os bois podían facer traballos de ara na sementeira.

Este oficio tivo forza nos pobos galegos ata a abertura de pistas e estradas e a chegada dos transportes mecánicos. O carreiro debía coñecer ben os secretos do carro (eixe, chedeiro, rodas), os camiños, as cargas e ter pericia á hora de xunguir...

No pobo de Escudeiros practicaron este oficio: Benito González Fernández-no último tercio do XIX- e ,na segunda metade do XX, o Fermín e o Serafín que, maioritariamente transportaban as toradas de madeira que quitaban dos montes e que levaban aos cargadeiros ou directamente aos aserradeiros.

- *A vida do carreiro*

é unha vida moi penada

nin vai o domingo á misa

nin dorme na súa cama.

**O carro que renxe sempre aleda ao carreiro*

**Se queres que o carro cante móllalle o eixo no río*

**Paraches o carro e mexáronche os bois*

**Se queres que che ande o carro, úntao*

**O boi bravo na terra allea faise manso*

**Quen o carro unta os seus bois axuda´*

3K OS CESTEIROS

A arte da cesteiría é anterior á cultura dos castros e da aparición da cerámica. Este oficio, por mor do empuxe das fibras sintéticas e máis concretamente do plástico, estase a perder.

Como oficio practicouse por toda Galiza e, incluso nalgúns pobos, os “milmañas” eran capaces de entrelazar as varas e compór cestos. Destacaron os

artesáns de Parada do Sil, Castro Caldelas, Sober, Carballedo, arredores de Betanzos; pero os de máis zona eran os de Mondaríz.

Para desenvolver o seu traballo utilizaban o burro(peza prismática de madeira de grosor e longura variables), a cóitela (peza espatelada de ferro afiada por un dos cantos e con dous mangos virados para o lado onde tiña o fío) , a fouce, o macico, as cuñas, o calco e o ferro de furar.

A madeira empregada polos cesteiros eran láminas (“vergas ou costelas”) de castiñeiro, carballo, salgueiro, cerdeira, freixo, mazaira, vimios, codesos, xestas, silvas, pallas de centeo e trigo, xuncos, bidueiros...

Facían una gama variada de productos: Cestos da semente con aro, culeiros para as vendimas, cestos da medida (equivalían a 25 quilos de gran), cestos de sorte (cada cesto facía una fanega), cestas da tega, canastras, bandexas, panelas, cestos da roupa, corozas de palla, esportas, sombreiros, xarras de vimio e cuncas que embreaban, nasas para a pesca, goxas para capturar troitas, ichós, paxeiras (para curalos queixos), revestidos de garrafóns- na nosa zona, neste mester, destacaba o Cepas de Redemuíños-.

En Escudeiros no século XX hai que salientar dous cesteiros: O señor Serafín e o señor Atanasio. Traballaban no pobo e saían a outros coma os Loureiros. Utilizaban maioritariamente vergas de castiñeiro que ían buscar a Cartemil.

O señor Alfaia, que viñera de Mondariz, de mozo traballou como aprendiz e axudante dun cesteiro que percorría as Terras de Montes, Sande e Cartelle. Traballaban a mantido; pero no menú dos cesteiro a tortilla tiña longaniza e o anaco do aprendiz non, a marca de separación eran uns palillos. Logo o mondaricense casou en Escudeiros coa Pepa da Canle.

Na segunda metade do XX viña traballar ao pobo o señor Manuel de Gom esende que era coxo. Exercía na trasteira do Fermín. Un día a señora Dorinda, falando do mestre dixo: -“home coxo e can ravelo para fodelos”. O señor Manuel pensou que era por el e coa cóitela na man ameazou á de Avión.

O cesteiros tiñan una xerga propia “o látín dos cesteiros. Así algunas palabras eran:

Oreta=auga

Chumo= viño

Horxe = madeira

Raucha = noite

Xabil = diñeiro

Galrupar = falar

...

**O que fai un cesto fai un cento*

se lle dan varas e tempo.

**Vaite tomar por onde se empezan as cestas!.*

**Aquel mozo deixouna encestada.*

**É coma un cesto(Non sabe gardar os secretos)*

** Durme ti, vive e descansa*

e por min non teñas pena.

que me tes tan seguro

coma a auga nunha cesta.

3.L OS FERREIROS

O obradoiro tradicional dos ferreiros era a forxa que tiña nun lado a fragua ou fornalla provista de lume de carbón de pedra ou de madeira. O lume avivábase cunha corrente de aire que lle chegaba por medio da toeira e a cana, tubos de saída do aire que viñan desde o fol e que se accionaban cunha cadea ou argola que se collía coa man.

No obradoiro contaban coa zafra que tiña remate cónico ou plano, cos martelos, coas tenaces(dereitas , de volta e de cortar), co puxavante, co derramador, coa escofina, coa bigornia e a mesa con torno e xogo de limas.

O Ferreiro tradicional facía ferramentas: Sachos/as, legóns, picañas, fouciñas/os ,podas, ferraxes de carros, dentes de grades, coitelos...Etc.Na memoria da lembranza o que máis facían os ferreiros de Escudeiros era apuntalar ferramentas e quitarlles fío.

Na segunda metade do século XVIII traballou de Ferreiro no pobo, Santiago Fernández, que no 1.752 ganaba catro reais por día traballado. Moito máis tardía foi a montaxe da forxa do Pablo na Tapadiña. O mozo aprenderá o oficio co ferreiro de Poulo, pero a enfermidade segouno en plena mocidade. Ao seu

enterro, transidos pola dor, asistiron os ferreiros de Calvos e Poulo que lle trouxeron un fermoso ramo con forma de zafra. O mozo, como era costume no pobo ,foi despidido con música. Logo seguiron o oficio o Arsenio e o Guillermo da Amparo. No barracón había unha pequena forxa para apuntalalos picos dos traballadores das minas.

**O ferreiro con barbas e as letras con babas.*

**Na casa do ferreiro cóitelo de pao.*

**Ser coma o ferreiro de moito estroncio que de tal machacar esqueceulle o oficio.*

**De ferreiro a ferreiro non pasa diñeiro.*

**O can do Ferreiro dorme ás marteladas e esperta ás talladas*

3.M AS COSTUREIRAS, TECEDERAS E XASTRES

Temos coñecemento que no 1.753 había en Escudeiros tres tecedeiras: Josefa Alonso(solteira), Andrea Pérez(muller de Juan Alonso) e Francisca Alonso(muller de Luis Gil). Supúñaselles unha utilidade de 20 reais de vellón/ano. Elaboraban colchas, tapetes, mantas farrapeiras, lenzos ... Seguramente recibían os fíos de la e liño en nobelos no seu taller. A la procedía da rapa das ovellas que se facía nos meses de abril e maio, sempre en lúa mingunte. A la lavábase, secábase, escartezábase, cordábase e fiábase. O liño sementábase no mes de maio. Os labores que necesitaba eran: A arriga, a ripa, o cocido,o secado, a maza, a deluva , a espadela a tasca e a asera. Os sarillos , instrumentos mecánicos, axudaban no proceso.

O oficio de costureira foi moi popular en Galiza. Houbo costureiras ambulantes, pero en Escudeiros desenvolvían o oficio en galerías, habitacións ou salas das casas. Eran as encargadas de facela roupa das mulleres e dos nenos/as, tamén, facían camisas e batas. Cando se trataba de facer un vestido para as mozas ou donas buscábanse as milloras “modistas” .

Nos talleres de costura había máquinas de coser de pé e de man, tesoiras grandes e pequenas, agullas, fías de coser, dedais, varas, patróns, xiz(para marcar os cortes das teas), alfiletes, imperdibles, botón, broches, aceites para engrase, libretas de notas de medidas...

Foron costureiras no pobo: A señora Carme Chula, a María Elena do Xaime, a Carmiña do Xavier, a Alsina e a Maricarme que aprendeu o oficio en Escudeiros, pero que coseu en Transportela. Normalmente os talleres estaban ateigados de rapazas e mociñas que querían aprender o oficio ou como mínimo pór botóns, remendar, pór corredeiras...porque o dito decía .”A que non sabe remendar non sirve para casar”.

Os xastres cortaban e cosían traxes completos para os homes (chaqueta, pantalón e chaleco). O oficio de xastre era, tamén, de agulla e no seu taller atopábase un instrumental semellante ao das costureiras. Seguiron este oficio en Escudeiros: Manuel González Fernández, José González Yáñez (que despois foi sancristán) e Eladio González que abriu xastreiría en Vigo.

** A dona que moito mira, pouco fía.*

- *O meu pai éche gaitero*

e miña nai tecedeira

eu, como non teño oficio,

non vou topar quen me queira

**A costureira detrás do cristal, pinchada no dedo e tres no dedal*

**Costureira mala o fío a embaraza*

**Costureira sen dedal cose pouco e iso mal*

**A muller costureira non sabe onde está a lareira*

**O amor da costureira*

era papel e mollouse

agora costureiriña

o teu amor acabouse

**Costureiriña bonita,*

dime que estás facendo.

Teño un burato na falda

voulle botar un remendó

**Costureiriña bonita*

o pazo fuches coser

e na primeira escaleira

xa che deron que facer

**Vale máis un pobre xastre*

cunhas cirolas de liño

que non rico carpinteiro

vestido de pano fino.

**Sete xastres fan un home*

e vintecinco un testigo.

fan falla cento cincuenta

para firmar un recibo.

3-N

OS MINEIROS

O estaño utilízase na aleación do bronce (cobre+ estaño). O seu uso máis importante estaba en relación coa súa resistencia á corrosión (estañado de latas de conservas). O peltre (90% de estaño e 10% de chumbo) utilizouse como metal de vaixela de luxo durante toda Idade Media e Renacemento. A finais do século pasado a produción mundial de estaño era de 160.000 Tm/ano. O maior produtor europeo era G.Bretaña. España producía unas 3.500 Tm/ano, das que 1/3 ían de Galiza.

Aínda soan na nosa nación as explotacións de casiterita de Monte Mene (Carballo), de Santa Comba, de San Finx, de Fontao, de Penouta, de Bearíz....

Escudeiros tiña minas de estaño; filóns de cuarzo e pegmatitas con casiterita e menor wolframita xunto con escasa arsenopirita, calcopirita e pirita, que se explotaron ata a década dos setenta do século pasado. A parroquia compartía con San Pedro de Poulo e Calvelos (Cartelle- Minas de Novelle-) o grupo de filóns ao sur do río Miño. As principais minas de explotación horizontal foron: A Figueira, San Francisco, A Central e o Valdaspe. Na década dos cincuenta tivo lugar a explotación vertical dos Pozos da Chaira.

As maiores solicitudes de Rexistros Mineiros na zona ocorreron entre 1.950-1.951 e os solicitantes foron: Timoteo Moreiras Fernández-Mina Benedicta (Rita), Carlos Alvarez Conde- Mina Alvarez, Consuelo Cisneros Ibáñez e José Luis Rodríguez González-Mina Maribel e Santa Bárbara-, Sociedad Minera Industrial S.A.- Mina de Escudeiros, Consuelo Cisneros Ibáñez- Mina Elena Midia-..As ampliacións de Rita e Sultana aprobáronse en plena Guerra Civil 12/5/1.938.

Nas minas traballaron a maioría dos escudeirás e, tamén, xentes dos pobos cercanos: Poulo,, Transportela, Grixó...

Algunhas persoas morreron nas minas. Na explosión da Figueira deixaron a vida: O Modesto(Pai do Euxenio da María e avó do Xoán de Vergazas), Antonio Vaqueiro de Cerdal e o Roxo de Louredo. O señor Pibe faleceu porque se lle correu un barranco. Outros faleceron por mor da silicose. Eran accidentes do cotián as fracturas de dedos, feridas cortantes e punzantes, corpos extraños nos ollos...

O instrumental para quívalo estaño era variado: Barrenas, barrenas de pantarolas(usadas para abrir a pedra), barrenas de panca, cucharillas (Para limpar os buratos dos barrenos), picos, sachas /os. Dinamita, mechas,, ferros de monte (que eran máis gordos cás barrenas), macetas pequenas, pisóns , vagonetas para transportar o mineral ás tolvas. Moitas minas entivábanse e deixábanse varias cepas par soste o teito.

Para o lavado do mineral empregáronse primeiro os rombos (quedan tres na corga do Valdaspe) e o apelativo" Rombero" nunha familia) e despois os lavadeiros. Os lavados ían a balsas de decantación como a de Filgueiró, na que o Poulino viu a morte aos pés . A cor da corga e a do río Arnoia, ata a desembocadura, eran achocolatadas. Os vecinos que tiñan campos en Filgueiró chegaron a un acordo coa empresa para que todos os anos lles pagaran as fenadas que non podían recoller por non ter auga limpa para regar os campos. Ian cobrar ao barracón.

As minas fraguaron varios matrimonios de mozas do pobo: A M^a Esther casou co Xerardo, a Carme Mileira co Emilio Todea e a Maruxiña co Xulián...

- *Santa Bárbara bendita,*

amparo dos mineiros

ampárame a mín

que lle vou prender fogo aos barrenos.

- *Vale máis un mineiro,
vestido de minería
que vintecinco xoubeiros
vestidos de roupa fina.*

3-O

OS MUIÑEIROS/AS

Os primeiros muiños dos que se ten constancia histórica eran os do Neolítico e consistían en fregar dúas pedras entre si co gran no medio. Na Idade Media introducíuse o muiño hidráulico, aproveitando a enerxía da auga; instalábase a carón dos ríos e regueiros. Unha presa paraba a auga que ía parar a una cal ou cubo, a auga oprimida batía con forza en dúas ou tres penas do rodecio e facíao andar; o gran moíase co impulso do rodecio, xirando a moa superior sobre outra inferior fixa. A fariña ao sair da roda daba tres calidades: *o óleo* que era a máis fina e branca e destinábase ao consumo humano, *a millara* que non era tan fina e *o relón* que era a máis basta.

Tendo en conta a propiedade distinguíanse: *muiños comunais* que pertencían a todo un pobo ou lugar, moían á ronda e tiñan cuidado común; en Escudeiros non temos constancia de muiños deste tipo, *muiños de herdeiros* que foron propiedade dun que ao morrer deixoullelo aos seus herdeiros e así en sucesión e os *muiños de maquí* que pertencían a un particular que pola moenda cobraba una maquí.

As muiñadas eran as xuntanzas festivas nas que participaban, sobre todo, mozos e mozas. Neste contexto orixinouse a popular muiñeira, danza galega por antonomasia. O moer, tamén, quedou coma una acepción irónica de carácter sexual.

O oficio de muiñeiro/a, aínda que semella fácil, tiña os seus inconvincentes. O contacto coa auga e o seu conseguinte ambiente de humidade con po facía agromar algunha “neumoconiose” e o dormir ao frío traía algún “catarro”.

O traballo do muiñeiro era botar na moega a partida de gran que lle traían os paisanos, axustalo espazo entre a moa e o pé para conseguir fariña máis miúda ou máis grosa, recollela fariña, picalas rodas do muiño cando necesitaban, desatascar o saltillo... O oficio pasaba de país a fillos e entre os familiares máis achegados. Xeralmente non era de dedicación exclusiva e compartíano co traballo no campo.

Polo C atastro de Ensenada sabemos que no 1.752, Manuel García Estévez tiña catro muiños fariñeiros dunha roda no Cachón dos que quitaba una utilidade de 44

ferrados-deles catro de centeo e catro de millo miúdo-; estes muiños só moían seis meses ao ano. Alexandre Alvarez, Adrián Vázquez, Santiago Fernández e Alvaro Diéguez tiñan muiños de dúas rodas no Algoio. Juan Feixó e Tiburcio Vázquez tiñan muiños de dúas rodas e unha roda, respectivamente, na Firga. Antonio Estévez e Isabel Meleiro tiñan un muiño de dúas rodas na corga do Mato

No 1.890 atopamos como muiñeiro a Juan Touza.

Na segunda metade do XX campaban os muiños da señora Susana e da señora Adriana na corga de Filgueiró, a carón do Cachón, os muiños da Euloxia no Algoio e os da Corrastrasa na Firga; estas muiñeiras levaban os sacos de gran en bestas e logo, quitada a maquí, subían a fariña.

Temos constancia de que algún veciños chegaron a ir moer á Chancela, como a señora María a Chula. Na década dos 60, do século pasado, apareceu a molinera da fábrica de Cerdal, rexida polo Lorenzo, que se foi facendo coas moendas do pobo. Ao final do século, algúns pequenos muiños eléctricos mercados a maioría en Portugal e instalados nas propias casas, solucionaban o problema da fariña para os humanos e os animais.

- *Uns nacen para moer e outros para ser moídos.*
- *Auga pasada non move muiño*
- *Cada un quere levar a auga ao seu muiño e deixar seco o do veciño*
- *Cada santo quere a súa candeia*

Cada muiño a súa auga

- *Horta muller e muiño queren uso continuo.*
- *Muiño parado non gana maquí*
- *É máis pesado co pé do muiño*
- *As que o muiño van , se son bonitas logo se moerán*
- *Para a misa e o muiño non chames polo veciño.*
- *Nen muiño sen rodicio*

Nin home sin oficio .

- *Unha noite no muiño*

unha noite non é nada

unha semaniña enteira

iso si que é muiñada

A música é a arte ou técnica de combinar os sons nunha sucesión temporal. A persoa que a compón ou executa é o músico.

A etimoloxía da palabra vén do latín MUSICUS e esta do grego MOSYSIKÓS, formada por MOUSA = musa e o sufixo IKOC, (-ico = relativo a); asóciase á raíz indoeuropea *MEN- = pensar . Xa que logo a arte da música é a arte das musas, que nun principio era un número indeterminado e que Hesíodo consolidou en nove, nadas en nove noites consecutivas de amor entre Zeus e Mnemósine, unha das Titánidas. A musa específica da música é Euterpe que se representa por unha flauta.

Como pobo eran os de Grixó os que levaban o apelativo “ Os Músicos “, pero en Escudeiros o señor Carmelo tocaba o bombardino, o José Copelo o trombón, o señor César a trompeta, o señor Guillermo o bombardino, o Servando o saxafón e o Poulino a Caixa. Un músico especial foi Francisco Vergara que tocaba a caixarreta no grupo do gaitero Rellas.

As bandas, que nun principio estiveron moi vinculadas ao militar e ao relixioso, fixéronse populares e eclosionaron no século XIX.

Nas festas da parroquia: San Xoán, Corpus, Santa Bárbara, As Candelas... Foron varias as bandas , ou grupos de músicos delas, que pasaron polo pobo: A Banda da Lira(Ribadavia), a Banda de Matamá(Gomesende), a Banda de Barral(castrelo de Miño), a Banda de Vilanova dos Infantes, a Banda de Cartelle, a Banda de Cortegada, a Banda de Padrenda, a Banda da Arnoia, tamén, chamada de Remuíños, a Banda de Alongos(Toén), a Banda da Guía, a Banda de Celanova...

O José Copelo tocou cos de Matamá, o señor Guillermo,o Servando e o Poulino tocaron coa Banda da Guía. Estes dou últimos músicos remataron na Banda de Celanova baixo a dirección de Miguel de Santiago, Javier Gargallo, Alfonso Salvaterra e Alejandro del Río... Viaxaron a Venezuela en Outubro de 1.983 polo convite feito pola Irmandade Galega de Caracas, asemade viaxaron a Portugal, Rubí e a Valencia no 1.985 convidados polo colectivo falleiro do Barrio de Benicarló e durante moitos anos asistiron á afamada Semana Santa de Zamora.

Xa máis na modernidade non podemos esquecer ao cantante ,Tomás Martínez, con algún disco editado.

- *De músico, poeta e louco todos temos un pouco.*
- *Nin músico en sermón nin xudeo en procesión.*

- *Dos chispazos de amor a música é o millor*
- *Ir coa música a outra parte*
- *Música e flores chaman a amores*
- *A arquitectura é unha música de pedras e a música é unha arquitectura de sons(Beethoven).*
- *Sen música a vida sería un error (Nietzche)*
- *Os músicos queren ser a voz alta para moitos corazóns silenciosos (Billy Joel)*
- *A música é unha arma na guerra contra a infelicidade(Jason Mraz)*
- *Se tocas unha mala nota corríxela co que veña despois (Joe Pass)*
- *Que ben baila, que ben baila*

o da chaqueta redonda

moito millor bailaría

se a tivera máis longa

- *O galán que anda no baile*

baila quedo e baila ben

é capaz de dar a volta

no rabo dunha sartén.

**O que baila sen tanxer; ou é tolo ou quéreo ser*

**Palabras sen obras, guitarras sen cordas*

**Palabras sen feitos, gaitas sen punteiros*

3-Q

OS SANCRISTANS

O oficio oficio de sancristán tivo gran arraigo nas parroquias galegas. Esixía saber axudar á misa, decilo rosario, gobernar os labores da igrexa, acompañar ao crego polas casas o día da bendición pascual, axudar nos bautizos, casamentos, viáticos e funerais, acender as velas, pasar a cesta e o cepillo nas misas e novenas, recoller os responsos, facer as poxas das ofrendas que entregaban para os

santos, pechar e abrir a igrexa, tocar as campás para os oficios relixiosos, repinalas campás nas procesións, tocar a incendio, limpar a igrexa...

A nosa acordanza relembra nestas funcións en Escudeiros, o señor Xosé Sastre, sancristán co Don Miguel e co Don Pepe... A enfermidade leváalle unha perna, que substituíra por una prótese de pau. Pese a elo todos os fins de semana, nos días de festa e nos toques de defunto; subía ao campanario. Era un home serio que mesmo chegou a reprender ao Don Pepe nos seus xogos públicos coa Concha, a súa criada. Repenicaba moi ben as campás, era conciencia do tempo e persoa de confianza dos cregos. Pola Pascua recollía nas casas unha pequena avinza, un escá de millo, polos servizos que lles prestaba aos parroquianos. Foi longevo, morreu nonaxenario. Tras a súa morte xa non houbo ningunha persoa que concentrara os quefaceres do oficio na parroquia. O Pablito tocaba as campás ata que marchou para a Arnoia e a M^a Esther e a Irene encargáronse das cousas da igrexa.

- *Non se acorda señor cura de cando foi sancristán.*
- *Os cartos do sancristán cantando se veñen e cantando se van*
- *A mal capelán, peor sancristán*
- *A cura novo, sancristán vello.*
- *As uvas con queixo e pan saben a beso de sancristán*
- *Sancristán que vende a cera e non ten colmeas que o digan as velas da igrexa.*
- *Cando a ver un enfermo moitos médicos van, alporízase o sancristán porque é sinal do din!, dan!.*
- *O sancristán de Coimbra*

facía mil diabluras

mollaba o pan en aceite

e deixaba aos santos a escuras

TABERNEIROS, MESONEIROS E TENDEIRAS.

As tendas eran os establecementos comerciais onde se vendía polo miúdo. O étimo vén do latín TENDA(M).

As tabernas eran os establecementos públicos onde se despachaban bebidas alcohólicas e, ás veces, comidas. Tamén podían vender produtos diversos. O seu étimo vén do latín TABERNA(M) = "cabana".

A tasca do céltico TASKÖS = “estaca”, igualmente era un establecemento público onde se despachaban bebidas alcohólicas e , ás veces, comidas.

O mesón , do latín MANSIONE(M) era un establecemento onde se servían comidas e bebidas. Unha casa de hospedaxe.

No 1.752 en Escudeiros había una taberna pública que rexía Ambrosio Estévez polo pago de 299 reais de vellón/ano, que o pobo aplicaba ao pago da sisa. A utilidade que declararon no Catastro de Ensenada era de 40 reais de vellón/ano. Asemade había un estanqueiro de tabaco, Andrés Martínez, a quen se lle supuña una utilidade de 55 reais e 24 maravedís/ano. Complementaban a relación cinco comerciantes de viño: Francisco Alvarez, o propio estanqueiro Andrés Martínez, Juan Alvarez, Antonio Estévez e Antonio Espada.

No XIX temos noticia de como o Garavello traicionou ao Tte. Col. Carlista Guillade por dous pesos de prata no mesón sito enfrente da casa da Concha do Marcelo.

A lembranza do século XX sitúa catro tendas no lugar: A da Euloxia, a do Ignacio, a da Amparo e a da Urbana. Logo reducíronse a tres e despois a unha, a da Mileira, rexida pola Irene. A estampa do Pachi a estufa no inverno e a boa moza dentro do mostrador recorreron décadas ata o último alougamento á Virxinia do Celso. No XXI desapareceu.

Na metade do XX apareceu una tasca a carón do Barracón, rexentábaa a familia do Sr. Adolfo.

O Ignacio da Chaira complementaba a tenda co bar. Chegou a facer bailes cun tocadisco aos domingos, facendo que a mocidade do pobo e dos arredores se concentrara no lugar. Cando había partido de fútbol no campo da Chaira desplazaba, como ambulante, as bebidas (maioritariamente gasosas e cervexas “pilsen León”) que gardaba nun pozo, sito a carón dunha porteiría, para mantelas frescas.

A tenda da Mileira, tamén, funcionaba como bar. A tenda ían as mulleres e os rapaces e ao bar os homes . Polas noitiñas as timbas estaban a orde do día e os sábados prolongábase o chinchón ata 1 da mañá; nelas destacaba a sorte do señor Severino “Xa cerrou a persiana”, a axilidade de cálculo do Benito Casulo, a tranquilidade do Cesáreo collendo as cartas coas mans carroñentas, os afáns explicativos do Servando. Nas partidas de dominó escoitábanse “as rávechas “ do señor Felisindo, os “tremimentos” do Xavier, que xogaba ben, pero que non era quen de acougar cando era mirón, mesmo pillizcaba aos novatos; as petadas do señor César aforcando as dobles. De cando en vez aparecía alguna figura dos naipes coma o Chicho de Cerdal, desafiante e sobrado. O Horacio, no seu terreo, púxoo no seu sitio.

As tendas, ademáis de abastecedoras de produtos polo miúdo, eran centros de reunión social e lugares de novidades e aconteceres. Na tenda da Irene colocouse o teléfono público.

Outros espazos de timbas foron a casa do señor Carmelo para o dominó e a cociña da señora Herminia onde, os domingos, as mulleres dábanlle a brisca de seis e onde non faltaban miróns e mironas e alguna chisquiña.

- *Amigos da taberna, amigos da merda.*
- *No verán faite taberneira e no inverno panadeira*
- *Amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale.*
- *Bebe, irmán bebe que a vida é breve.*
- *O que ten tenda que a atenda*
- *Chímpalle outra gasosa*
- *O viño fai rir, fai dormir e fai as cores na cara sair*
- *Bebe cos borrachos*

Xoga cos xogadores

e págalle ás mulleres

Así non haberá líos

**Amicitia inter pocula contracta, plerunque est vitria (A amizade feita durante a bebida case sempre é fráxil coma o vidro)*

S.- OS TRATANTES

Os tratantes eran xentes que se dedicaban a comprar e vender nas feiras, mercados e casas (polas portas) : Vacas, porcos, mulas, ovellas ,cabras...

Os que mercaban gando vacún, tamén, se lles chamaba rifantes, os que vendían porcos porqueiros ou marrancheiros (destacaban os da Merca), os que comerciaban coas mulas mulateiros e os que comerciaban coas ovellas ovelleiros. Confrecuencia no oficio solapábanse as distintas compra-ventas.

O 28 de cada mes, ao riscalo día, pasaban os tratantes polo pobo para a feira do Val. As estampas deixaban ver homes acabalo cubertos con gardapós grises escuros ou negros; a maioría con caxata e algún bastóns.Os tratantes percorrían as feiras da

volta: O Val, San Antonio do Viso, Gomesende, Cartelle, Celanova, A Cañiza... e, últimamente, algún chegaban ata Portugal ou ao mercado de Salgueiriños en Santiago de Compostela.

Normalmente os tratantes de vacún mercaban as vacas para a carne, a recría ou para revender e os becerros para as carniceirías, si ben o carnicero de Cerdal, o Eloi, mercaba el mesmo os becerros polas casas. Nas feiras os tratantes valíanse de brancos e medianeiros. Achegábanse examinando ao animal e entraban no trato ofrecendo un prezo mínimo baseado nalgún defecto do animal, máis ficticio que real. A indignación do vendedor facía que discutisen, xesticulasen e xurasen. Era o momento da entrada dos brancos e medianeiros e de dalo parecer as mulleres que estaban na escena. Ao desacordo seguía lle o acordo final, o trato, normalmente refrendado co choque das mans. O vendedor entregáballe a res, pero non a corda porque había a crenza que con ela ía a sorte da casa. As veces os remates de operacións celebrábanse nalgunha taberna da feira, tomando unhas cuncas de viño os intervincentes no trato.

En Escudeiros temos constancia deste oficio desde o 1.752. Daquela era tratante de gando, Manuel Alvarez, a quen se lle supuña unha utilidade de 66 reais de vellón/ano. Na mesma época houbo un tratante de grans, Bernardo Alvarez, a quen se lle supuña unha utilidade de 20 reais de vellón/ano.

No século XX atopamos de tratantes ao señor Pepe Maruxo, o señor Rogelio como ovelleiro e a xeneración dos Marqueses: O Xaime, pausado, falador e de moita palabra e o Adolfo; en Vigo, con raíces no pobo, operaba o Artemio. Na seguintes xeneracións vemos seguindo o oficio ao Antonio do Xaime e o seu fillo o Xaime e operando desde Vigo o Xoán Manuel. O Fermín, que tiña una chacinería artesá, mercaba porcos/as para a matanza. A primeira xeneración dos tratantes deste século, aínda era de mula e cabalo, nas seguintes aparecen os coches de feiras dos Americanos, do Freire e doutras empresas aos que se lle engadiron os coches particulares.

- *Quen fala mal da cousa, ese é quen a compra.*
- *Quen merca sen ter vende sen querer*
- *Antes de mercado becerro fai o cortello.*
- *Vale máis corda baleira que ruín feira.*
- *O trato é trato, todo o demais é la de gato.*
- *En vender e merca r non hai amizade.*
- *A bo mercador, bo vendedor.*
- *Se queres sair da laceira, vende na casa e merca na feira.*
- *Non merques de quen mercou, merca de quen herdou que non sabe o que custou.*

- *Mercar pagando e vender non fiando.*
- *No vender vai a ganacia.*
- *Máis vale onza de trato que ferrado de mal trato.*

T OS ZAPATEIROS E OS CHANQUEIROS

O zapateiro é a persoa que fai, vende ou arranxa zapatos.

O zapato máis antigo atopouse en Armenia, cunha antigüidade de 5.500 anos, tiña cordóns e estaba feito de coiro de vaca; pertencía ao Calcolítico. Este oficio, presente ao longo da historia nos distintos lugares, na Idade Media deulle nome a varios barrios onde se encontraban os obradoiros. En Galiza son de salientar os zapateiros da Coruña, os de Allaríz e os de Vilanova dos Infantes...

Acostúmase distinguir entre os *zapateiros* como artesáns dedicados á fabricación dos variados tipos de calzado tradicional de coiro nos seus obradoiros e os *solateiros* ou *zapateiros de portal* que eran ambulantes e percorrían as aldeas e vilas ofrecéndose para facer arranxos de calzado máis ou menos sinxelos; entre estes últimos destacaban os de Parada do Sil.

Os útiles que se podían atopar nun obradoiro eran: A banquilla, o martelo, o martelo fino (galgo), cravos, trespés, tenazas, aros metálicos, pegamento, coiros, betúns, cortador ou clicker, abridor de tendidos, máquina para coser, alicates, texoiras...

No pobo de Escudeiros houbo *zapateiros remendóns* que eran quen de fabricar zapatos de encarga e repar calzado, bolsos, cintos etc.. Siguiron este oficio o Antonio, o pai do Alvaro ew da Teresiña, que traballaba nun pequeno obradoiro debaixo do seu cooredor, e o Manuel Vispo. Cando os zapatos para durar déronlle paso aos zapatos para usar e tirar, ambos emigraron para América. Daquela arreglar ou facer zapatos de encarga requiría ir ao Mato(Vilar de Vacas), a Cimadevila onde traballaban o Sito e o Toñito que facían botas de fuelle, a Arnoia Seca onde traballaba o Castor ou ir a Garabelos.

Os chanqueiros ou garlocheiros eran os artesáns que elaboraban as garlochas ou galochas, tamén nomeadas chancas ou zocas. Moitos zapateiros coñecía este saber. O calzado constaba dun piso de madeira cortado de bidueiro, amieiro o cerdeira, una

peza alzada de coiro de becerro coas súas viras e, para evitar os esbarres na lama moi presente nos camiños daquel tempo, púñanselle ferras ou chatolas cravadas.

As ferramentas de traballo, moi similares aos dos zapateiros, eran : Martelo, cuñas , machado, ccoitelo, escavadora, cerquilladora (para facerlle o bordo), trencha, puntiñas, c hatolas...

O Antonio da señora Adriana facía paus para as chancas, pero quen máis traballou o oficio foi o Antonio da Celina que medía o longo dos pés cunha variña de vimio que cortaba á medida e denantes da montaxe, acostumaba a facer una remedida. Logo as chancas pasaron a mercarse nas feiras e na vila.

- *Zapateiro aos teus zapatos*
- *Zapatos sen tacón casa sen balcón*
- *Dame o zapato e eu dibuxarei a persoa (Picasso)*
- *Ata os gatos queren zapatos e as gatas alparagatas.*
- *Os tacóns son un doloroso pracer.*
- *Cando un home mexa as botas non é bo para as mozas.*
- *Cando alguén xulgue o teu camino préstalle os teus zapatos.*
- *Cada un sabe onde lle manca o seu zoco.*
- *Veño á voda que son Parente do zoqueiro que fixo os zocos para a noiva´*
- *A tal forma tal zapato, e a tal zapato tal forma.*
- *Na miña vida tal vin*

o que vin nun vimieiro;

unha pulga a bater sola

nas costas dun zapateiro.

- *Eu ben vin estar o cuco*

no alto dun castiñeiro

cunha subela na man

aprendendo a zapateiro
